



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CALENDARIO ESCOLAR CURSO ACADÉMICO 2002-2003

1.- O período lectivo do Curso Académico comprenderá do día 1 de outubro de 2002 ó día 30 de setembro de 2003.

2.- A actividade académica docente comeza e remata nas datas seguintes:

*** Planos estruturados en créditos:**

Primeiro cuadrimestre

-Inicio: 1 de outubro de 2002

-Remate: 31 de xaneiro (venres) de 2003

Segundo cuadrimestre

-Inicio: 24 de febreiro de 2003

-Remate: 13 de xuño de 2003

*** Planos non estruturados en créditos:**

-Inicio: 1 de outubro de 2002

-Remate: 31 de maio de 2003

3.- As probas de avaliación terán como datas límites as seguintes:

-*Primeiro cuadrimestre*: 22 de febreiro (sábado) de 2003

-*Segundo cuadrimestre*: 10 de xullo (xoves) de 2003

4.- As probas de avaliación da 1ª convocatoria ordinaria dos planos non estruturados en créditos terán como data límite o día 10 de xullo de 2003.

5.- As probas da 2ª convocatoria ordinaria (setembro) celebraranse, para tódolos planos, entre os días 1 e 19 de setembro de 2003.

6.- As probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de fin de carreira das materias dos planos estruturados en créditos terán lugar nos meses de decembro e xaneiro, según determinen os centros. As probas das convocatorias extraordinarias de febreiro e fin de carreira das materias dos planos non estruturados en créditos terán lugar, igualmente, nos meses de decembro a febreiro, según determinen os centros.

7.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso terá que facer público, e comunicalo ó Secretario Xeral da Universidade.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.- Non será lectivo o mes de agosto.

9.- As actividades académicas docentes de tódolos planos, interrompiráanse dende o día 21 de decembro de 2002 ata o día 7 de xaneiro de 2003 (ámbolos dous incluídos); os días 3 e 4 de marzo (entroido), e dende o día 12 ó día 21 de abril de 2003 (ámbolos dous incluídos).

10.- Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro do 2003 (San Tomé).

Así mesmo, posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma, as locais das cidades onde estea ubicado cada centro, e o día da festividade do patrón de cada un deles. As festas oficiais do Estado ou da C. A. e as locais, están suxeitas ás modificacións legais que poidan altera-las súas datas.

11.- Coa finalidade de aproveitar ó máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos patróns dos centros coincidan no medio da semana, celebraranse o luns ou venres que acade proximidade maior no Calendario se cadraran en mércores trasladaranse ó venres. As que cadren en domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte, de acordo coas datas indicadas a seguir:

- **4 de outubro** (S. Francisco de Asís), Fac. de Veterinaria.
- **18 de outubro** (S. Lucas), Fac. de Medicina e Odontoloxía. (Lic. en Medicina).
- **15 de novembro** (S. Alberte Magno), Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- **27 de novembro** (S. Xosé de Calasanz), E. U. de Maxisterio.
- **8 de decembro** (Inmaculada), Fac. de Farmacia.
- **13 de decembro** (Sta. Otilia), E. U. de Óptica e Optometría.
- **23 de xaneiro** (S. Raimundo de Peñafort), Fac. de Dereito.
- **9 de febreiro** (Sta. Apolonia), Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- **24 de febreiro** (Xoán Huarte de S. Xoán), Fac. de Psicoloxía.
- **8 de marzo** (S. Xoán de Deus), E. U. de Enfermería.
- **9 de marzo** (Natalicio do Padre Sarmiento), Fac. de CC. da Educación.
- **17 de marzo** (San Patricio), Titulación de Graduado Superior en Xerontoloxía.
- **19 de marzo** (S. Xosé), Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- **5 de abril** (S. Vicente Ferrer), Fac. de CC. Económicas e Empresariais, e a Fac. de Administración e Dirección de Empesas.
- **26 de abril** (S. Isidoro de Sevilla), Fac. de Filoloxía, Filosofía, Xeografía e Historia e Humanidades.
- **1 de maio** (Día do Traballo), E. U. de Relacións Laborais.
- **3 de maio** (Día da Liberdade de Expresión), Fac. de Ciencias da Comunicación.
- **15 de maio** (S. Isidro Labrador), E. Politécnica Superior.

Dilixencia: para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2002, acordou, aproba-lo presente "**Calendario escolar para o curso académico 2002-2003**". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2002

Vº e Pr.

O RECTOR


Por R.R. do 28/02/20002

O Vº de Relacións Exteriores e
Proxección Universitaria



Fernando Domínguez Puente

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada